

**ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS CELEBRADA O 25 DE FEBREIRO DE 2016.**

Na sala de Xuntas da Casa do Concello de Monforte de Lemos, sendo as 12:30 horas do día 25 de febreiro de 2016, reúnese, habendo sido debidamente convocados ao efecto, os seguintes membros que conforman a Mesa de Contratación.-

**Presidente da Mesa:** D. José Tomé Roca (Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos).

**Vogais:** D. José Luis Losada Fernández (Concelleiro de Medio Rural e Servizos).  
D<sup>a</sup>. Marina Doutón Rajo (Concelleira de Cultura e Ensino) en susstitución da Concelleira de Réxime Interior e Facenda  
D<sup>a</sup>. María Fe González Marquina (Interventora Xeral).  
D. José M<sup>a</sup> Baños Campo (Secretario Xeral).

**Secretario:** D. José M<sup>a</sup> Valcarce Rodríguez (Técnico municipal de contratación).

Non asiste.- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Trinidad López Pérez, Axente de Desenvolvemento Local deste Concello.

Comprobada a existencia do preceptivo quórum, pola presidencia declárase perfectamente constituída a Mesa e cumpridas as formalidade esixidas polo RD. Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP), pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, polo RD. 817/2009, de 8 de maio, e polo RD 1098/2001, de 19 de outubro, procedese ao estudo e debate dos asuntos comprendidos na orde do día da convocatoria da sesión, a saber.-

1. – Apertura, en acto privado, dos sobres A “Documentación Previa” dos licitadores concorrentes no procedemento para a contratación do **SERVIZO DE EXPLOTACIÓN DA TAPERIA-VINOTECA DO CENTRO DO VIÑO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (EXP.001-SERVPA16)**.

Polo Secretario da Mesa de Contratación e á vista da Dilixencia da responsable d Rexistro se da conta das empresas/persoas físicas concorrentes ao procedemento, segundo orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello.-

|                                       |                              |
|---------------------------------------|------------------------------|
| D. José M <sup>a</sup> Donado Esteban | NRE. 2124/2016 do 19.2.2016. |
| Rutas Sacras S.L.                     | NRE. 2141/2016 do 19.2.2016. |

A continuación e de conformidade coa cláusula 13<sup>a</sup> das do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), polo Secretario da Mesa de Contratación procédese á apertura, en acto privado, dos Sobres N<sup>o</sup> 1 “Documentación Previa” achegados polos distintos licitadores co seguinte contido.-

| EMPRESAS/PERSONAS FÍSICAS             | DECLARACIÓN RESPONSABLE SEGUNDO ANEXO II |
|---------------------------------------|--|
| D. José M <sup>a</sup> Donado Esteban | Aporta.                                  |
| Rutas Sacras S.L.                     | Aporta.                                  |

Á vista do exposto, os membros presentes da Mesa de Contratación **acordan**, por unanimidade, admitir ao procedemento a todos os/as licitadores/as concorrentes.

2.- De resultar procedente, apertura, en acto público, dos sobres B “Documentación Técnica” dos licitadores concorrentes no procedemento para a contratación do **SERVIZO DE EXPLOTACIÓN DA TAPERIA-VINOTECA DO CENTRO DO VIÑO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (EXP.001-SERVPA16)**.

Acto seguido e previa lectura polo Secretario da Mesa de Contratación da cláusula 11.2 do PCAP, se procede á apertura dos sobres B (criterios de valoración que dependen dun xuízo de valor), das seguintes persoas físicas.-


|                                       |
|---------------------------------------|
| D. José M <sup>a</sup> Donado Esteban |
|---------------------------------------|

|                   |
|-------------------|
| Rutas Sacras S.L. |
|-------------------|

Os membros presentes da Mesa de Contratación **acordan**, por unanimidade e á vista do seu contido, solicitar informe ao Servizo de Promoción Económica do Concello en atención ao disposto na cláusula 13<sup>a</sup> do PCAP.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión ás 13:00 horas, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O Presidente da Mesa




O Secretario da Mesa,




VOGAIS

A Concelleira de Facenda e Réxime Interior,  
*P.S. Concelleira Cultura e Educación.*



A Interventora Xeral,

O Concelleiro de Medio Rural e Servizos,



O Secretario Xeral,